

# Máis lonxe, sempre moito máis preto



## editorial

É demasiado evidente que o século XXI porá a proba a nosa humanidade, fronte a unha brutalidade xa sistemática e estrutural, agravada por crises multidimensionais que reclaman abordar os enormes retos que afronta o planeta. Esta perspectiva lémbra-nos que, para nós, todos os días, desde 1995, é unha proba máis. O próximo 2025 Coop57 fará 30 anos. Tres décadas onde sempre respondemos ás necesidades, ás urxencias e ás dificultades de cada momento. Poderíamos dicir que nunca deixamos de cabalgar crises consecutivas e simultáneas, buscando as alternativas máis solidarias, a miúdo pouco transitadas, e saíndo delas sempre cooperativamente. Comezamos no afastado 1995 con dous préstamos por valor de 34.954 euros; e xa levamos 4.284 por un volume global de 209 millóns de euros. Esta é a boa nova, pese a quen pese. Foi así desde os comezos –na resaca dura da desindustrialización dos anos 80–; nos anos 90, cando a precariedade se converteu na nova cotiandade e o acceso ao crédito era unha carreira de obstáculos para a economía social; ou en 2003, ante a criminal guerra de Iraq.

Tamén en 2008, fronte a crise desatada pola orxía financeira e os miles de desafiuzamentos que aínda non remataron; en 2020, no medio dunha pandemia global; ou agora mesmo diante da guerra de Ucraína e baixo o xenocidio de Gaza, no medio do ciclo inflacionario que nos asedia. A cada crise, construímos maior solidariedade, máis democracia e máis apoio mutuo. E saímos sempre indo máis alá de cada infamia, abrindo portas pechadas e abordando novas emerxencias.

Por iso hoxe, a trama da economía solidaria, froito dun esforzo colectivo que vén de lonxe e comezou hai moito –e que a ditadura, en van, intentou arrincarlle de raíz–, está máis arraigada que nunca, opera como espello democrático de futuro, constrúe un modelo de referencia e está en disposición de afrontar novos compromisos enormes. Xa o estamos facendo: sen finanzas éticas cooperativas non habería cooperativismo de vivenda en cesión de uso, nin comunidades enerxéticas de propiedade democrática cooperativa, nin resistencia financeira aos golpes da pandemia e a guerra, en todo o territorio, en cada municipio, en cada barrio. Seguiremolo facendo: axiña poremos en marcha novas apostas estratéxicas –máis lonxe, sempre máis lonxe– para garantir que COOP57, como axente activo do cambio social, segue sendo un motor financeiro, cada vez máis potente e arraigado, ao servizo da construción dunha economía para a vida. O noso despre- que –sempre sustentado, sustentábel e en rede– é unha experiencia de éxito porque sempre toucou o nervio do que urxía e porque sempre buscou saídas colectivas que respondían ao hoxe pesando xa no mañá.

“  
COOP57 sempre buscou saídas colectivas que respondían ao hoxe pesando xa no mañá  
”

Entrementes, é ben sabido que o ano pasado a gran banca obtivo uns beneficios netos, históricos e vergoñentos, de 26.000 millóns de euros, e as enerxéticas, de 6.000. Entre o pouco –o moito– que podemos dicirvos é que, con toda seguridade, vós si podeades afirmar –hoxe, agora, aquí e ante os que violentan o mundo– que todo isto non se fai nin no noso nome nin co noso diñeiro. Nós aforramos esa desvergoña. Aos beneficios financeiros caídos do ceo, responderemos a rentes de chan coas esperanzas cooperativas. Axíña faremos trinta anos, si, e axíña está dito. Desde entón, Coop57 xa é moitas cousas á vez: cada un de vós, unha ferramenta financeira cooperativa, unha institución do común, un ecosistema solidario en rede e parte dun movemento social transformador moito maior. Somos a esperanza contrafáctica, humanista e real, operativa e sustentábel que soubemos habilitar entre todas e todos. Porque para ir lonxe só fai falta, a miúdo, ir cada vez máis preto. Grazas sempre.

# 2024: todos os retos con toda a implicación

**2023 pecha duplicando o volume de empréstimos respecto 2018 e concretando as liñas mestras que definirán os retos estratéxicos e o salto cualitativo para o período 2024-2028**

A primavera de 2022 comezou, de forma repentina, cun evidente cambio de ciclo macroeconómico. Desde entón enfrontámonos a unha inflación disparada que se intenta controlar mediante o aumento dos tipos de interese. A aplicación destas medidas tamén supuxo a perda de poder adquisitivo dos salarios reais e o encarecemento continuado dos produtos máis básicos, como a enerxía, a vivenda ou a alimentación. Todo isto, ademais, nun contexto de crise climática e de incerteza fronte á proliferación de guerras e fronte a elevada continxencia e complexidade do actual momento. Son tempos difíciles e momentos convulsos. Hai poucos anos, por exemplo falábase, en moitos ámbitos da economía europea, de avance cara aos intereses negativos na protección e o aforro –todo un cambio de paradigma que xa se esvaeceu.

**En 2018 concedemos préstamos por un importe total de 14.570.010 €; en 2023 o volume ascende a 26.202.961 €**

Coop57 non é alieo a esta realidade, onde a política de elevados tipos de interese aféctalle directamente a toda a actividade financeira. Pero, desde que nacemos a mediados da década dos noventa, defínenos e ampáranos unha demostrada capacidade de resistencia, resiliencia e adaptación que nunca alterou nin modificou a misión transformadora que nos define nin os principios básicos de funcionamento –autoxestión, horizontalidade e crecemento en rede. De feito, incluso neste contexto altamente variábel, vimos dun ciclo, claro e estábel, de expansión, consolidación e crecemento da economía social e solidaria, que tamén se reflicte nos propios resultados da cooperativa, ética e solidaria e sumando novos socios e socias. O volume de saldo de préstamos vivos duplicouse nos últimos 5 anos (pasou de 19 millóns de euros a case 40). Outra cifra ben ilustrativa deste crecemento: en 2018 concedemos



**COOP57 en cifras 2023**

seccións territoriais

**7**

socias de servizos

**1.189**

socias colaboradoras

**5.437**

novos préstamos

**334**

volume € préstamos 2023

**26.202.960**

beneficios antes de impostos

(estimación) **109.405**

préstamos concedidos desde 1995

**4.248**

volume préstamos desde 1995

**209.029.062**

préstamos por importe total de 14.570.010€; en 2023 o volume ascendeu a 26.202.961€.

Este mesmo ciclo –atravesado por unha pandemia, entrecruzado por unha nova guerra e repleto doutras inestabilidades– tamén crecemos en complexidade e en novos sectores que requiren altas achegas de capital, especialmente a longo prazo, e que son froito directo do propio dinamismo consolidado da ESS: cooperativismo de vivenda e vivenda social, solo comunitario, transición enerxética, adquisición e/ou adecuación de locais e sedes sociais. Unha dinámica nova que en breve acompasaremos cun fortalecemento das bases do proxecto, coa captación de novos recursos cun fortalecemento das bases do proxecto, coa captación de novos recursos en paralelo ás novas necesidades de financiamento detectadas na economía social e, especialmente, abordando os retos de presente e de futuro por seguir construíndo, en todo momento, respostas sólidas, solidarias e comunitarias.

## Retos económicos

O labor máis inmediato e estrutural é aumentar a nosa capacidade financeira. Para ir sempre máis lonxe e un paso por diante, necesitaremos máis implicacións, máis dotacións e máis aforro ao servizo da imprescindible transformación social. Esta vez necesitamos incrementar substancialmente o ritmo de crecemento das achegas, para igualalo e acompasalo co incremento de solicitudes de financiamento. Non é algo novo: é o que fixemos sempre, pero o cambio de escala é unha realidade que fala da validez, solvencia e éxito do modelo. Tamén nos últimos cinco anos, pero espe-



## Escáner de Diñeiro Ético

# 98'5/100: máis que notable

**O escáner do Diner Ético, impulsado por FETS, posiciona a Coop57 en parámetros de excelencia, encabezando a clasificación estatal en relación ao cumprimento dos principios reitores das finanzas éticas e solidarias**

A avaliación detallada das entidades de finanzas éticas constata que no ámbito no que o grao de cumprimento de Coop57 é íntegro destaca a coherencia, a ausencia de calquera denuncia diante do Banco de España ou de calquera incumprimento legal, o traballo en rede –Coop57 é membro de FEBEA, a XES, a FCTC ou REAS–, o cociente de equidade salarial ou a ausencia de abusos por cobranza de comisións. En relación co principio de participación e gobernanza colectiva, Coop57 tamén obtén a máxima puntuación, dado que se rexe por formas democráticas onde a participación non está desigualada polo capital achegado. En relación ao principio de exclusión, o escáner destaca que non destina nin un só euro a fins



cialmente desde 2022, o número de socios nunca deixou de aumentar –un 30% as socias colaboradoras e un 35% os socios de servizos–, pero a un ritmo sensiblemente menor das demandas de financiamento.

**Para ir sempre máis alá e un paso por diante, necesitaremos máis implicación, máis dotacións e máis aforro**


Non é a primeira vez que isto acontece, porque adoito a necesidade vai por diante da resposta. Pero se algo nos avala é a historia dun crecemento sempre pensado, sustentado e sustentábel, escalado e adaptado, sólido e arraigado. Neste ámbito, Coop57 xa traballa na diversificación das fontes de financiamento, na pluralidade das tipoloxías das achegas e nunha sólida aposta por aumentar os fondos propios que se iniciará o próximo outono.

### Retos sociais, políticos, organizativos e tecnolóxicos

Directamente relacionado cos retos económicos e financeiros están, de forma holística, todos os retos que se derivan directamente: a mellora permanente do instrumento cooperativo que é Coop57. No ámbito social, destaca a ampliación continuada e permanente dunha rede social potente, ampla e duradeira que nos dote de maior capacidade de actuación. E, ao mesmo tempo,

unha nova dinamización da propia base social, con mellor comunicación, implicación, relación e interacción. Tras tres décadas, un inxente coñecemento acumulado e un banco de datos e experiencias que é unha auténtica historia da economía social, tamén apostamos pola mellora e actualización da medición e avaliación dos enormes impactos sociais positivos do noso labor e de todos os proxectos que conforman Coop57.

Na vertente organizativa priorízase o fortalecemento do equipo técnico e profesional, a adaptación dixital a novas solucións tecnolóxicas para distinguirmos en seguridade informática e a reformulación do Comité de Riscos dada a crecente complexidade, diversificación e dimensión da propia actividade. No ámbito político fortaleceranse os órganos de participación, facilitaranse espazos de reflexión que acompañen os cambios organizativos e o proceso de transición e interectuarase e afondará a relación e a intercooperación con tantas entidades do ecosistema cooperativo coas que compartimos actividade, proxectos e futuro –e retos moi similares. Todo o anterior ten un evidente impacto na política de comunicación da cooperativa, que se concretou no inicio dun proceso integral de actualización e renovación da identidade gráfica, da narrativa e das apostas informativas de Coop57 por abrir unha nova etapa de comunicación social.



paridade igualitaria entre mulleres e homes nos órganos de goberno, que aínda non chega ao 50%, a pesar dos avances rexistrados. En termos comparativos destaca que se Coop57 obtén unha valoración do 98'5% no alto da clasificación, o BBVA péchao cunha valoración do 1%.

Podes atopar toda a información detallada en [www.fets.org](http://www.fets.org) e en [www.dineretic.org](http://www.dineretic.org)



## Aleix Puiggròs

Barcelona

Socio colaborador de Coop57

**Aleix Puiggròs é informático de profesión, ten 51 anos e desde 2009 é socio colaborador de Coop57.**

**Vive en Barcelona e ten dous fillos xemelgos. Cando lle preguntamos polas afeccións cita a propia profesión -a paixón pola informática- e tamén engade a fotografía**

# «Por que? Porque sei, do primeiro ao último, euro todo se destina á transformación social»



### Como coñeches Coop57? E cando?

Xa buscaba entidades éticas e tivera algunha experiencia previa, pero a través dun amigo da miña irmá e após algunha charla de FETS, coñezo da existencia de Coop57. Tamén porque coñecía bastante ben un proxecto referencial financiado por Coop57, como é L'Oliveira, que este ano fai 50 anos. Son socio desde xaneiro de 2009, cando a sede aínda estaba na rúa Méndez Núñez. Diría que, tras unha longa resaca pola guerra de Iraq e o ciclo financeiro da militarización global, xa estaba convencido de que os meus aforros non podían estar na banca convencional e buscaba teimudamente alternativas. Dícilo hoxe, entre Gaza e Ucraína, só ratifica esta decisión.

### Levas 15 anos en Coop57? Tiveras experiencias previas?

Si. Pero a experiencia previa, noutra entidade digamos que grande e da que mellor non falar, non me convenceu en absoluto e saín moi rápido. No caso de Coop57, nun tema tan sensíbel como o aforro, debo dicir que o medo inicial esvaeceuse decontado: concretamente, tras a primeira Asemblea Xeral na que participei. Entón Coop57 non tiña o nome que ten agora. Puxen todos os meus aforros baleirando a conta corrente de súpeto e lembro, cun sorriso e certa broma, que sufrín un pouquiño até que me chegaron os documentos acreditativos. Eran outros tempos non tan dixitais, máis

ben postais. Pero desde o primeiro momento o proxecto pareceume un equilibrio afinadísimo entre continxencia e solvencia, prudencia e compromiso, información e confianza. Caín na conta de que a Comisión Social fai un traballo descomunal e traballa moi a fondo cada proxecto. É dicir, existe un equilibrio idóneo entre como se coidan os aforros e a que se destinan.

### Que destacarías?

Tres cousas principais. Unha, que o ciclo de aproveitamento do aforro paréceme bestial: do primeiro ao último euro sempre financiando a transformación social. Dous, que Coop57 ten a virtude fundacional e constituínte de encontrar unha resposta alí onde se detecta unha nova necesidade. Esta é a historia, o reto e o éxito. E tres, que dispón dunha acumulación de crecemento e experiencias impresionante que serve como banco -de experiencias, de memoria, de viabilidades- para todo o mundo que busque alternativas solidarias. E unha reflexión final e xeral: que sempre imos a unha, que nos apoiamos mutuamente, que nos cubrimos entre nós. Que talvez nos asociamos por necesidade, si, pero que seguimos xuntos por libre vontade. Da necesidade fixemos virtude.

### Co tempo, tamén comezaches a colaborar activamente desde os teus coñecementos profesionais.

Si, no ámbito da seguridade informática.

Nas orixes do que é a comisión tecnolóxica. Esta implicación permíteme facer cousas interesantes, sopesar innovacións e incluso me serve de terapia (ri); coñezo proxectos moi potentes. Comecei en 2011 con algo que agora pode parecer afastado, nesta sociedade dixital tan acelerada: as listas automáticas de distribución de correos electrónicos. En 2015-2016 xa traballei buscando integracións, cada vez máis complexas e tamén traballamos para que as entidades encheran os formularios que aparecían na web de Coop57 informando sobre os seus proxectos. E algunhas cousas máis, sempre vinculadas ao procesamento de datos e a sistematización de procesos.

### E como ves o futuro de Coop57?

Como Astérix e Obélix, pendente de que non nos caia o ceo enriba -pero isto desde sempre, non? Porque ben mirado, sempre foi así. Creo que o grande acerto de Coop57 pivota no crecemento sustentado e sustentábel, progresivo e capilar. En vez de crecer en vertical, crecer en horizontal, sectorialmente, territorialmente, renunciando a calquera crecemento desmedido ou desbocado, que decote ten sido o talón de Aquiles doutros proxectos. Penso que isto, que é clave, é importante entendelo e, sobre todo, saber contalo. Porque é todo un acerto. O outro é o principal motivo, claro está: Coop57 seguirá apoiando proxectos que tan a miúdo teñen dificultades e obstáculos para acceder ao crédito. Que cun xesto tan sinxelo como o aforro xa esteas financiando a transformación social é algo que debería difundir aos catro ventos.

### Un resumo de Coop57?

Un exemplo vivo, vivísimo e cotiá, de que xa é posíbel aforrar doutro xeito. Unha evidencia que paga a pena. Un mandato que Coop57 estará aí se nos esforzamos para que continúe estando aí: depende de nós. Un lugar no mundo para preservalo. Coop57 é un bo sitio para facelo. Colectivamente. Mentres o manteñamos, mentres nos manteñamos, manterase. Esta é a boa nova.



# «O feminismo é a idea radical que sustenta que as mulleres somos persoas»

Con esta idea de Angela Davis, queremos expor como Comisión Feminista que o pasado 24 de febreiro se aprobou unha reivindicación que había tempo se cociñaba a lume lento: a creación dunha estrutura estábel de coordinación dentro da comisión. Esta aposta ten por obxectivo fortalecer e impulsar o traballo que vimos facendo e continuar exercendo as prácticas da economía feminista dentro de Coop57



A Comisión Feminista Somos Todas nace, baixo este nome, en 2020, con gañas de traballar unha serie de necesidades que se detectan dentro da cooperativa. O encontro celebrado en marzo do ano pasado, onde boa parte das participantes nos reunimos de maneira presencial, serviu para traballar en cal debían ser os novos obxectivos, pero tamén para gozar do simple feito de reunirse e compartir sentimentos e vivencias.

A partir dese momento, até o día de hoxe, o traballo foi intenso e por iso queremos compartir cal son os pasos que nos propuemos desde a comisión, coincidindo coa articulación desta nova coordinación, iso si, sempre tendo presente o longo camiño que nos precede e nos trouxo até aquí.

▶ Ampliando a representación nos diferentes territorios onde está presente Coop57. Realizaremos o acompañamen-

to das novas traballadoras á comisión e fomentaremos os encontros presenciais, onde poidamos estar todas e estreitar lazos de confianza.

- ▶ Hai tempo que a comisión **Protocolo de abordaxe de situacións de acoso sexual** ou discriminatorio realiza unha tarefa de detección e mellora do documento que actualmente está aprobado. Durante 2024, propónse que esta comisión poida traballar para a presentación dun protocolo actualizado, que iría da man de formacións a persoas traballadoras e órganos da cooperativa, para poder así previr e detectar situacións de acoso sexual dentro de Coop57.
- ▶ Somos conscientes que para abordar o noso **Plan feminista** é preciso realizar a formación necesaria para poder ofrecer un diagnóstico con perspectiva de xénero da nosa organización.

▶ Unha das ferramentas que implementamos desde a comisión é unha metodoloxía **para observar os espazos de participación** que temos dentro da cooperativa. Quen participa máis? Quen fala máis tempo? Quen acumula máis cargos? A estas e outras preguntas inténtase dar resposta mediante esta ferramenta. Porén, e para podela aplicar correctamente, pensamos que debería ser extensiva a todos os espazos da cooperativa.

▶ Queremos participar do reto **da avaliación do impacto social** do financiamento que facemos desde Coop57 ás entidades, achegando unha mirada feminista.

▶ Na nosa liña de **encher de significado a palabra feminismo** a través da acción, tamén queremos definir que criterios deben ter as entidades que queren facerse socias. O obxectivo é ver como se introducen estes criterios no noso cuestionario social.


▶ Propómonos **achegar o mundo das finanzas éticas** a un público máis amplo e non profesional, usando un vocabulario máis apto e accesíbel para todas, de xeito que sexamos o máis transparentes posíbel cara as nosas socias.

Finalmente é moi importante para nós aumentar a visibilidade do traballo que facemos como misión dentro da organización, que se nos coñeza e recoñeza.

**Comisión Feminista de Coop57**  
Somos Todas

# Seccións territoriais

## Segundo semestre 2023



 **5.362** TOTAL SOCIAS COLABORADORAS


 **1.153** TOTAL SOCIAS DE SERVICIOS

**Coop57 constitúese seguindo un modelo organizativo, descentralizado e en rede. Está organizada por seccións territoriais, cada unha das cales ten os seus propios órganos e estruturas de participación**



## Andalucía

 **402** SOCIAS COLABORADORAS

 **89** SOCIAS DE SERVICIOS


- Neste semestre incorporáronse catro novas entidades socias de servizos: as cooperativas El Ciervo, Hierbabuena, Los Jornaleros e Los Moledores. Todas elas pertencentes a Marinaleda. Así, nove das dez cooperativas do municipio xa son socias de Coop57. Ademais, Oikocredit-Sevilla converteuse en entidade socia colaboradora, fortalecéndose así a colaboración entre ambas entidades.
- O financiamento concedido foi de 665.000 €, repartidos en seis novos préstamos:

tamos: catro pólizas e un préstamo de investimento.

- En canto á difusión, participamos nunha quincena de actividades: prestacións da cooperativa, encontros de economía social, xornadas de centros de educación ambiental, de empresas de inserción, de vivenda cooperativa e comunidades enerxéticas, e charlas en institutos de secundaria. Tamén apoiamos a creación da Plataforma de Finanzas Éticas, promovida pola Escola de Economía Social.



## Aragón

 **475** SOCIAS COLABORADORAS

 **67** SOCIAS DE SERVICIOS

- Nos últimos seis meses do ano, incorporamos unha nova socia de servizos: Todo Servicios Múltiples, unha empresa de inserción laboral na actividade agroecolóxica, a soberanía alimentaria e a transformación de excedentes. Desde 2008 facilitánlles ás persoas máis vulnerábeis o acceso ao mercado laboral, impulsando así o desenvolvemento económico do territorio.
- Concedéronse catro préstamos por valor de 276.000 €, para facilitar anticipos de cobros pendentes da administración,

para resolver problemas de liquidez e para realizar investimentos.

- Ademais organizamos, xunto co Grupo de Vivenda REAS Aragón, un obradoiro sobre o acceso á vivenda en cesión de uso; participamos nun encontro con proxectos de economía social da comarca do Sobrarbe; promovemos, xunto con FETS e Fiare Aragón, a presentación do Barómetro das Finanzas Éticas e pechamos o ano coa Feira de Mercado Social e Local do barrio de Las Fuentes en Zaragoza.



## Astúries

 **84** SOCIAS COLABORADORAS

 **25** SOCIAS DE SERVICIOS



- Durante o segundo semestre do ano, concedemos 70.000 € en novos préstamos, dando resposta ás tensións de tesouraría das nosas socias de servizos: Finca o Cabillón, Kikiricoop e Edes.
- Ao mesmo tempo, incorporamos tres novas socias de servizos. A Cooperativa Agroecolóxica de Cabranes, que aposta por un mundo rural vivo, aglutinando iniciativas do territorio para xerar ferramentas comúns, como un obradoiro colectivo ou unha tenda de venda directa;

o proxecto de cultura crítica La Vorágin, que leva máis de dez anos axitando a vida cultural en Santander e Edes, unha cooperativa de iniciativa social do occidente asturiano, referente no seu traballo nunha inclusión social e educativa de alumnos con diversidade funcional.

- Ademais, queremos destacar o encontro que celebramos en setembro, con persoas e iniciativas de Avilés aproveitando unha das nosas Asembleas de Sección.



# Catalunya

 **3.306** SOCIAS COLABORADORAS  
 **727** SOCIAS DE SERVICIOS



- No segundo semestre incorporamos 28 novas socias de servizos, que sumadas ás 31 que se deron de alta nos primeiros seis meses, alcanza unha cifra récord polo que respecta á incorporación de proxectos.
- A actividade crediticia, ademais, foi intensa, xa que se concederon máis de nove millóns de euros por un total de 130 operacións, repartidas en préstamos, avances de subvención e pólizas de crédito. Cómpre destacarmos, que son varios os empréstimos destinados á adecuación e posta en marcha de locais

de entidades da economía social.

- En setembro, participamos na conferencia anual FEBEA (Federación Europea de Bancos Éticos e Alternativos) celebrada en Atenas, onde puidemos compartir experiencias e aprendizaxes con entidades homólogas do continente. Ademais, estivemos presentes no 20º aniversario da XES (Xarxa d'Economía Solidaria), no décimo de Pam a Pam e no 15º da PACA, que se celebrou en Can Bofill, unha das experiencias de chan comunitario de Coop57.



# Euskal Herria



 **240** SOCIAS COLABORADORAS  
 **55** SOCIAS DE SERVICIOS

- Durante este semestre seguimos crecendo, sumáronse seis novas socias de servizos e dezaseis colaboradoras. Canto á parte financeira, concedéronse seis préstamos, dous anticipos de subvención e catro pólizas de crédito, por un importe total de 114.450,45 €. E por se iso fose pouco, iniciamos un proxecto ilusionante xunto á cooperativa navarra Katakarak.

- Katakarak e Coop57 aliáronse para ensaiar un novo modelo de propiedade e uso do chan urbano mediante a adquisición do edificio da rúa Maior 54 de Iruña. Trátase de demostrar que é posible subtraer grandes parcelas dos circuitos especulativos propios do centro das cidades, xerar equipamentos eficaces e sustentábeis e xestionalos de forma autoxestionada, igualitaria e respectuosa coas interdependencias ambientais e comunitarias.



# Galiza

 **212** SOCIAS COLABORADORAS  
 **67** SOCIAS DE SERVICIOS



- O segundo semestre do ano seguiu caracterizado por unha elevada demanda de financiamento de entidades e proxectos. Houbo cinco novas altas de socias de servizos e resolvéronse positivamente 18 solicitudes de financiamento, por un importe total de 507.021 €.
- Estivemos presentes en diversas actividades de todo tipo: Encontros emprendedores da Axenda Urbana de Santiago; no XXV Encontros para a Normalización Lingüística do Consello da Cultura Galega; no Encontro Networking de Empresas de Inserción, organizado por AEIGA;

Encontro de Financiamento Alternativo, organizado por Espazocoop. Tamén participamos na sesión do curso Transformando a Educación para o Emprendemento a través da Economía Solidaria; nas Xornadas sobre Vivenda Cooperativa desde a Economía Social e no evento Tecendo o Cambio, promovido por REAS Galiza, entidade socia de Coop57.

- Ademais, celebramos a Romaría das Finanzas Transformadoras, onde reflexionamos sobre transición enerxética e gozamos da música e do humor nas instalacións de CMVMC de Tameiga.



# Madrid

 **480** SOCIAS COLABORADORAS  
 **99** SOCIAS DE SERVICIOS

- Durante o segundo semestre do ano, incorporáronse cinco novas socias de servizos e concedéronse cinco solicitudes de préstamos a entidades socias, por un importe total de 442.000 €, sendo unha delas unha entidade de Extremadura.
- Respecto á actividade societaria e de difusión do proxecto, debe destacarse a viaxe da Secretaría Técnica de Madrid, xunto a unha persoa do Consello de

Sección, á localidade extremeña de Los Santos de Maimona (Badaxoz) co obxectivo de participar nun encontro con cooperativas e entidades locais. A reunión tivo un dobre propósito. Por unha parte, reflexionar colectivamente sobre como apoiar o grupo promotor establecido no territorio para que, a longo prazo, se acabe creando a sección de Coop57 Extremadura.



# Segundo semestre 2023 Novas socias de servizos e novos préstamos

53

ENTIDADES  
NOVAS

176

PRÉSTAMOS  
NOVOS

## ANDALUCÍA

4 NOVAS SOCIAS DE SERVICIOS

5 NOVAS PRÉSTAMOS

665.000 €

TOTAL NOVAS PRÉSTAMOS CONCEDIDOS

### NOVAS SOCIAS DE SERVICIOS

EL CIERVO, S. COOP. AND.

HIERBABUENA, S. COOP. AND.

LOS JORNALEROS, S. COOP. AND.

LOS MOLEDORES, S. COOP. AND.



A Cooperativa Marinaleda, conformada á súa vez por 8 cooperativas agrarias é o referente sobre o cal se organizou un potente tecido produtivo, cooperativo e transformador. Agora, 4 cooperativas máis de Marinaleda sumáronse a Coop57 Andalucía este semestre, o que significa que 9 das 10 cooperativas existentes na vila, xa formen parte de Coop57. Cada unha delas dedícase a unha fase específica da produción agrícola, sendo a entidade de segundo grao a que se encarga da transformación e comercialización.

### NOVAS PRÉSTAMOS

ASOCIACIÓN PONTE -  
INICIATIVAS PSICOSOCIALES

25.000 € PÓLIZA CRÉDITO

Entidade dedicada á intervención psicosocial e psicoterapéutica así como Proxectos de dinamización comunitaria. O préstamo financia as necesidades de liquidez da cooperativa.

ECOHERENCIA S.COOP.AND

80.000 € PÓLIZA CRÉDITO

Entidade que traballa pola acción contra a emerxencia climática. O préstamo financia as necesidades de liquidez da cooperativa.

LEITMOTIV S.COOP.AND

20.000 € PÓLIZA CRÉDITO

Consultaría social especializada na cooperación internacional e o desenvolvemento social. O préstamo financia as necesidades de liquidez da cooperativa.

MARINALEDA S. COOP. ANDALUZA

300.000 € INVESTIMENTO

240.000 € PÓLIZA CRÉDITO

Cooperativa agraria de segundo grao de Marinaleda, dedicada á transformación e comercialización de produtos agrarios de calidade. Os dous préstamos financian, por unha banda, investimentos en equipamento e maquinaria e, por outro, as necesidades de circulante da cooperativa.

## ARAGÓN

1 NOVA SOCIA DE SERVICIOS

4 NOVAS PRÉSTAMOS

276.000 €

TOTAL NOVAS PRÉSTAMOS CONCEDIDOS

### NOVAS SOCIAS DE SERVICIOS

TODO SERVICIOS MÚLTIPLES



Empresa de inserción centrada na agroecoloxía e a soberanía alimentar para xerar actividade económica e postos de traballo que sexan, á súa vez, capaces de impulsar o desenvolvemento do territorio.

### NOVAS PRÉSTAMOS

ASOCIACIÓN DE  
DESARROLLO PARA EL  
CAMPO DE SALAMANCA  
Y LEDESMA (ADECASAL)

30.000 € INVESTIMENTO

Entidade que traballa pola inserción social no barrio de Buenos Aires de Salamanca. O préstamo financia os proxectos comunitarios que se desenvolven nas vilas da comarca de Ledesma.

FUNDACIÓN EL TRANVÍA

160.000 € PÓLIZA CRÉDITO

Entidade de carácter social creada para a xestión de recursos sociais de calidade, integrados na comunidade. O préstamo financia as necesidades de liquidez da cooperativa.

TODO SERVICIOS MÚLTIPLES

66.000 € INVESTIMENTO

Empresa de inserción centrada na agroecoloxía e a soberanía alimentar. O préstamo financia a posta en funcionamento dun Centro de Alimentación Comunitario.

LA BEZINDALLA,  
SOC. COOPERATIVA

20.000 € PÓLIZA CRÉDITO

Cooperativa dedicada á intervención comunitaria e á participación cidadá. O préstamo financia as necesidades de liquidez da cooperativa.

## ASTÚRIES

3 NOVAS SOCIAS DE SERVICIOS

3 NOVAS PRÉSTAMOS

70.000 €

TOTAL NOVAS PRÉSTAMOS CONCEDIDOS

### NOVAS SOCIAS DE SERVICIOS

COOPERATIVA  
AGROECOLÓGICA DE  
CABRANES, S. COOP. ASTUR.



Cooperativa formada para diferentes iniciativas do territorio que son produtoras de froitas, verduras e setas ecolóxicas. A entidade dispón dun obradoiro colectivo e ofrecen servizos de comedor escolar e catering.

EDES SDAD. COOP. ASTURIANA



Cooperativa de ensino no ámbito rural do occidente asturiano que traballa por unha educación de calidade para as persoas con diversidade funcional desde a inclusión social e educativa.

VORÁGINE CRÍTICA



Proxecto de cultura crítica na cidade de Santander. As súas actividades principais son unha librería asociativa e un espazo de cultura crítica que se xestiona colectivamente a través dun grupo de persoas voluntarias.

### NOVAS PRÉSTAMOS

EDES SDAD. COOP. ASTUR

33.000 € PÓLIZA CRÉDITO

Cooperativa de ensino no ámbito rural que traballa pola inclusión social e educativa de persoas con diversidade e funcional. O préstamo financia as necesidades de liquidez da cooperativa.

FINCA EL CABILLON

25.000 € PÓLIZA CRÉDITO

O préstamo financia as necesidades de liquidez da cooperativa.

KIKIRICOOP S. COOP. ASTUR

12.000 € PÓLIZA CRÉDITO

O préstamo financia as necesidades de liquidez da cooperativa.

## CATALUNYA

28 NOVAS SOCIAS DE SERVICIOS

130 NOVAS PRÉSTAMOS

9.020.104 €

TOTAL NOVAS PRÉSTAMOS CONCEDIDOS

### NOVAS SOCIAS DE SERVICIOS

ALIA, ASSOCIACIÓ CULTURAL DE  
DONES PER A LA RECERCA I L'ACCIÓ



A asociación ten por obxectivo promover o coñecemento e impulsar unha transformación feminista da sociedade desde unha perspectiva interseccional.

ASSOCIACIÓ CULTURAL  
LA SÈPIA VERDA



Entidade cultural e social de Sabadell, arraigada nos movementos sociais e populares da cidade, creada por un grupo de xente moza con intereses vinculados á música, o excursionismo e a arte.

ASSOCIACIÓ FLORESTINA  
AMICS DE LA CERVERSA



Proxecto cooperativo de cervexa artesá que, ademais de centrarse na elaboración de cervexas de calidade e socialmente responsábeis, traballan para ser un axente activo da comunidade.

ASSOCIACIÓ PER AL  
DESENVOLUPAMENT  
INTEGRAL DE LA  
VALL DEL CORB



Asociación que reúne produtores, elaboradores, artesáns, restauradores, aloxamentos rurais para a dinamización da Vall del Corb.



# 11.398.743 €

## EN PRÉSTAMOS CONCEDIDOS

### ASSOCIACIÓ CULTURAL ULL PER ULL



Asociación creada a partir do Festival Internacional de Fotografía de Rubí. Nace coa vontade de se converter nunha proposta que achegue a fotografía de autor á cidadanía.

### CASAL POPULAR BOIRA BAIXA DE MANLLEU



Colectivo xuvenil que dinamiza un espazo social que quere promover a cultura e a lingua catalá, que fomente a economía social e solidaria e que estea libre de racismo, machismo e LGTBfobia.

### COOPERATIVA ABARKA, SCCL



Cooperativa que nace da necesidade de autoorganizarse como persoas migrantes racializadas, tanto no ámbito laboral como social, a través da gastronomía, como ferramenta para xerar oportunidades.

### COOPIVOLTA, SCCL



Cooperativa integral de vivenda, usuarias e consumo que quere acceder a unha finca, liberala do mercado inmobiliario e dar lugar a un modelo de vivenda máis cooperativo, sustentábel e comunitario.

### COOPERATIVA LES REFARDES, SCCL



Cooperativa que traballa pola obtención de sementes, ofrecendo unhas 300 variedades locais de horta, adobes frescos e flores, destinada á venda de proximidade de verdura ecolóxica certificada.

### CUCHARA ASSOCIACIÓ D'EMANCIPACIÓ ALIMENTARIA



Entidade que propón darlle á cociña un espazo central na vida. Espazo que a miúdo cedemos á industria alimentaria, para reapropriarnos das decisións sobre o que comemos.

### ECONOMAT LA GUILLA, SCCL



A cooperativa nace co obxectivo de impulsar o consumo responsable, respectuosos co contorno, xusto e comunitario a través dunha tenda de venda de produtos agroecolóxicos de proximidade e a granel.

### EL SOTERRANI LLIBRERIA COOPERATIVA, SCCL



Proxecto cultural de autoocupación que pretende vivir con dignidade deste oficio e crear un espazo onde acoller a diversidade de actividades culturais.

### FEDERACIÓ ALLEM



Federación de entidades sociais, sen ánimo de lucro, dedicadas ao apoio de persoas con discapacidade intelectual das comarcas de Lleida.

### FUNDACIÓ PRIVADA AAVC- HANGAR



Centro aberto para a busca e a produción artística que apoia creadores e creadoras e artistas.

### GER, ENTITAT CULTURAL I ESPORTIVA



Entidade de raizame popular en Sant Pere de Ribes, que desde un inicio se propón ser un espazo de encontro, debate e axitación política, cultural e social.

### GIRASOL RECURSOS EN ENERGIES RENOVABLES, SCCL



Cooperativa dedicada á instalación e mantemento de sistemas de enerxías renovábeis.

### GIRAVOLT, SCCL

Cooperativa que traballa pola inclusión social da mocidade migrante a través das artes do circo. Proporcionan un primeiro traballo, transmitindo os valores cooperativos.

### GRUPDEM, SCCL



Cooperativa que acompaña a persoas con discapacidade intelectual e outros colectivos en risco de exclusión co propósito de mellorar a súa calidade de vida e a súa inclusión.

### LA SEMBRA, SCCL



Axencia de comunicación social que ofrece servizos de comunicación creados de maneira participada, coa mirada estratéxica, sustentábel e que xeren comunidade.

### LA TARTANA DE CAN BOFILL, SCCL



Cooperativa de vivenda en réxime de cesión de uso e de consumidoras e usuarias que se suman ao proxecto comunitario de Can Bofill.

### LA TEULADA COOPERATIVA, SCCL



Proxecto de vivenda cooperativa en cesión de uso para desenvolver un proxecto que estenda os principios da economía social e solidaria en Terrassa.

### LLIBRERIA FAHRENHEIT 451, SCCL



Librería independente comprometida a apoiar o crecemento intelectual e cultural da comunidade.

### LUDIK CONCILIA, SCCL



Cooperativa que traballa para mellorar a calidade de vida das persoas con criaturas a cargo, facilitando a conciliación para un modelo máis xusto, inclusivo e equitativo para conseguir un mellor uso do tempo.

### OLISTIS, SCCL



Cooperativa de servizos lingüísticos e culturais que acompaña empresas e institucións no proceso de comunicación interna e externa, no mercado nacional e no estranxeiro.

### ORIOL AGUAYO (CAN BOFILL)

Autónomo vinculado a Can Bofill co obxectivo de desenvolver un proxecto de ganadería ecolóxica como parte do Proxecto da PACA, unha rede de produción e consumo agroecolóxico.

### SERV-EINES COOPERATIVES, SCCL



Cooperativa de servizos veciñais, tanto comunitarios como particulares no ámbito da administración, a xestoría, a asesoría xurídica ou atención domiciliaria.

### SOM ECOLOXÍSTICA, SCCL



Cooperativa que agrupa proxectos de mensaxaría sustentábel, cicloloxísticas e outras empresas do sector da mensaxaría que realizan servizos de forma sustentábel.

### TERCER PRIMERA, SCCL

tercer primera

Estudio de deseño gráfico, de interiores e instalacións efémeras situada na Terra Alta e cun forte arraigo territorial e de intercooperación coas entidades locais.

### NOVOS PRÉSTAMOS

#### AGIPCAT

20.000 € TESOURERÍA

Agrupación de entidades xitanas dos Países Catalans. O préstamo financia as tensións de tesouraría da entidade.

#### ASSOCIACIÓ BARCELONETA ALERTA

50.000 € TESOURERÍA

Entidade que ten como misión o empoderamento veciñal e a organización comunitaria. O préstamo financia as tensións de tesouraría da entidade.

#### ASSOCIACIÓ CULTURAL LA SÈPIA VERDA

60.000 € LOCALS

Entidade cultural e social de Sabadell arraigada nos movementos sociais da cidade. O préstamo financia a compra da nova sede social da entidade..

#### ASSOCIACIÓ ENTREMARES

4.000 € TESOURARÍA

Entidade de Cornellà de Llobregat, que xestiona un Centro Integral para as familias, dedicado ao apoio á maternidade e á crianza e saúde familiar. O préstamo financia as tensións de tesouraría da entidade.

#### ASSOCIACIÓ LA BARRAQUETA

10.000 € INVESTIMENTO

Ateneo que quere ser un espazo político, de encontro e que sirva para construír e pensar colectivamente. O préstamo financia os investimentos relacionados con pequenas adecuacións do local.

#### ASSOCIACIÓ SERVEIS ENERGÈTICS BÀSICS AUTÒNOMS - SEBA

24.500 € ENERXÍA

Asociación de deseño, instalación, mantemento e xestión de sistemas fotovoltaicos. O préstamo financia a renovación das instalacións fotovoltaicas do refuxio de montaña de Vallferrera, no Parc Natural de l'Alt Pirineu.

### CASAL POPULAR BOIRA BAIXA DE MANLLEU

**150.000 €** LOCALS

Colectivo xuvenil que dinamiza un espazo social que quere promover a cultura e a lingua catalá. O préstamo financia as obras de rehabilitación do local adquirido colectivamente.

### EDUVIC, SCCL

**12.000 €** CAPITALIZACIÓN

Servizos especializados para atender adolescentes e mocidade en risco de exclusión social. Concedéronse 2 préstamos a socios de traballo da cooperativa para mellorar a súa capitalización.

### LLARS FAMILIARS HSJ, SCCL

**279.756 €** VIVENDA

Cooperativa de vivenda de iniciativa social que traballa para encontrarlles fogares ás familias especialmente vulnerábeis, que padecen exclusión residencial. O préstamo financia os investimentos necesarios para adecuar unha das vivendas da cooperativa.

### METZINERES, SCCL

**20.000 €** INVESTIMENTO

Cooperativa que desenvolve un modo de intervención innovador e ambicioso baseado nos dereitos humanos e a transversalidade de xénero, sustentado por estratexias comunitarias. O préstamo financia as obras de adecuación do novo local da entidade.

### ESCOLA GREGAL, SCCL

**38.700 €** TESOURARÍA

Cooperativa que xestiona un comedor solidario na zona do Besós. O préstamo financia as tensións de tesouraría da entidade.

### LA BRANDA DESTIL-LERIA, SCCL

**110.000 €** LOCALS

Cooperativa que elabora destilados de gran calidade coa ecosustentabilidade e a proximidade como valores centrais da produción. O préstamo financia a compra da maquinaria necesaria para a súa actividade.

## AVANCES DE SUBVENCIÓN E ENDOSO DE FACTURAS CATALUNYA

**43 PRÉSTAMOS POR UN VALOR DE 2.560.948 €**

entidade	importe	financiadora	motivo
ASSOCIACIÓ ADEFFA	11.000 €	Generalitat de Catalunya	Preservación da biodiversidade
ASSOCIACIÓ ADEFFA	15.000 €	Generalitat de Catalunya	Sensibilización ambiental
AGIPCAT	21.590 €	Generalitat de Catalunya	Recoñecemento do pobo xitano
ASSOCIACIÓ CULTURAL NAU BOSTIK	15.000 €	Ajuntament de Barcelona	Acción comunitaria
ASSOCIACIÓ CULTURAL ULL PER ULL	17.000 €	Generalitat de Catalunya	Fotografía social
ASSOCIACIÓ L'ECONAU	29.792 €	Generalitat de Catalunya	Creación obradoiros agroalimentares
ASSOCIACIÓ OBERTAMENT	250.000 €	Generalitat de Catalunya	Loita contra o estigma en saúde mental
ASSOCIACIÓ PANORAMA 180	17.600 €	Generalitat de Catalunya	Cultura e audiovisual libre
ASSOCIACIÓ PLÀUDITE TEATRE	30.000 €	Diputació de Barcelona	Artes escénicas
ASSOCIACIÓ PUNT DE REFERÈNCIA	61.000 €	Ajuntament de Barcelona	Acción comunitaria
ASSOCIACIÓ UPEC	20.000 €	Diputació de Barcelona	Educación popular
BICICLOT, SCCL	50.000 €	Generalitat de Catalunya	Reutilización de residuos
CENTRE D'ESTUDIS DE L'HOSPITALET	10.000 €	Ajuntament de l'Hospitalet	Iniciativas socioculturais
COOP. POPULAR DE VENDEDORES AMBULANTES DE BCN, SCCL	60.000 €	Generalitat de Catalunya	Inserción e moda sustentábel
CREARSA, SCCL	15.000 €	Generalitat de Catalunya	Apoio ao cooperativismo e a ESS
EH COOP SCCL	47.920 €	Generalitat de Catalunya	Cultura popular e transformadora
ESPAI BROTES, SCCL	30.000 €	Ajuntament l'Hospitalet	Saúde e cuidados
ESPAI BROTES, SCCL	22.000 €	Generalitat de Catalunya	Programa ACOL
FAGIC	111.882 €	Generalitat de Catalunya	Dinamización comunitaria
FIT TEXTIL	133.000 €	Generalitat de Catalunya	Inserción sociolaboral
FLECA L'ARESTA, SCCL	135.000 €	Generalitat de Catalunya	Apoio ao cooperativismo e á ESS
FORMACIÓ I TREBALL	267.000 €	Generalitat de Catalunya	Inserción sociolaboral
FUNDACIÓ ELS 3 TURONS	84.427 €	Servei Català de Salut	Integración e saúde mental
FUNDACIÓ ELS 3 TURONS	180.605 €	Generalitat de Catalunya	Fomento da saúde mental
FUNDACIÓ EMYS	29.958 €	Generalitat de Catalunya	Fomento da venda de proximidade
FUNDACIÓ INTERMEDIA	150.000 €	Generalitat de Catalunya	Inserción sociolaboral
FUNDACIÓ PERE MITJANS	113.000 €	Generalitat de Catalunya	Gestión residencial
FUNDACIÓ PRIVADA ARED	150.000 €	Generalitat de Catalunya	Asistencia residencial
GEVEN	18.000 €	Diputació de Tarragona	Protección ambiental
L'ESGUARD SCCL	65.247 €	Ajuntament de Barcelona	Educación no tempo libre
LA BRANDA DESTIL-LERIA, SCCL	50.323 €	Generalitat de Catalunya	Creación obradoiros agroalimentares
LA SOBRANA, SCCL	20.632 €	Generalitat de Catalunya	Creación obradoiros agroalimentares
LUDIK CONCILIA SCCL	25.000 €	Generalitat de Catalunya	Conciliación e cuidados
MARTINET SOLIDARI	20.000 €	Ajuntament de Barcelona	Intervención comunitaria
METZINERES, SCCL	85.000 €	Generalitat de Catalunya	Prevención das drogodependencias
ORATGE ASSOCIACIÓ	40.000 €	ASPASIM	Actividades de tempo libre
PERIFERIA CIMARRONXS, SCCL	6.193 €	Generalitat de Catalunya	Artes escénicas visuais
SIDA STUDI	49.795 €	Generalitat de Catalunya	Prevención VIH
TERRITORI DE MASIES COOP, SCCL	24.000 €	Generalitat de Catalunya	Desenvolvemento rural
TERRITORI DE MASIES COOP, SCCL	32.000 €	Generalitat de Catalunya	Desenvolvemento rural
TOT RAVAL, FUNDACIÓ PRIVADA	40.000 €	Ajuntament de Barcelona	Acción comunitaria
TRES CADIRES, SCCL	26.983 €	Generalitat de Catalunya	Creación obradoiros agroalimentares
XES	70.000 €	Generalitat de Catalunya	Fomento da economía solidaria

## PÓLIZAS DE CRÉDITO CATALUNYA

**60 PÓLIZAS POR UN VALOR DE 4.726.500 €**

ANDROMINES EINES ASSOLIDES | AÓ COOP, SCCL | ARRELS FUNDACIÓ | ASSOCIACIÓ 30DEFEBRER | ASSOCIACIÓ CEHDA | ASSOCIACIÓ CENTRE D'ESTUDIS DE L'HOSPITALET | ASSOCIACIÓ COL·LECTIVA AUDIOVISUAL PER A LA TRANSFORMACIÓ SOCIAL ACATS | ASSOCIACIÓ D'ACOLLIDA I ACCIÓ TERAPÈUTICA (AAT) | ASSOCIACIÓ DE MITJANS D'INFORMACIÓ I COMUNICACIÓ (AMIC) | ASSOCIACIÓ DE PLANIFICACIÓ FAMILIAR DE CATALUNYA I BALEARS | ASSOCIACIÓ FLORESTINA AMICS DE LA CERVESA | ASSOCIACIÓ HABITATS | ASSOCIACIÓ IRIDIA, CENTRE PER LA DEFENSA DELS DRETS HUMANOS | ASSOCIACIÓ ÒMNIUM CULTURAL | ASSOCIACIÓ PER LA MEDIACIÓ INTERCULTURAL I SOCIAL AMB IMMIGRANTS (AMIS) | ASSOCIACIÓ S.O.S RACISME CATALUNYA | ASSOCIACIÓ SOCIOEDUCATIVA NOUSOL | ASSOCIACIÓ STOP SIDA | ASSOCIACIÓ TELER COOPERATIU | BARBARA EDUCACIÓ, SCCL | BICICLOT, SCCL | BOREAL COMUNICACIÓ ACCESSIBLE, SCCL | CASAL DELS INFANTS PER A L'ACCIÓ SOCIAL ALS BARRIS | CELOBERT ARQUITECTURA, ENGINYERIA I URBANISME, SCCL | CIERTO ESTUDIO, SCCLP | COMITÈ 1R DE DESEMBRE | CONSELL DE LA JOVENTUT DE BARCELONA | COOPERATIVA DE TREBALLADORES LA RURAL | COS, COOPERACIÓ I SALUT, SCCL | CUCHARA ASSOCIACIÓ D'EMANCIPACIÓ ALIMENTÀRIA | DIOMCOOP, SCCL | EDUXARXA, SCCL | EL TIMBAL, CENTRE DE FORMACIÓ I CREACIÓ ESCÈNICA, SCCL | FEDERACIÓ D'ENTITATS AMIGUES DE CAN CAROL I CONSOLAT | FEDERACIÓ SALUT MENTAL DE CATALUNYA | FORESTERRA SCCL | FUNDACIÓ PRIVADA EMYS | GRUP DE PERIODISTES RAMON BARNILS | INSERCOOP, SCCL | IQ COOP, SCCL | LA DINAMO FUNDACIÓ | LA FEIXA SCCL | LA PRODUCTORA, SCCL | LA SOBRANA, SCCL | LA TREMENDA, SCCL | LABAULA ARQUITECTES, SCCLP | LACOL, SCCL | MAGRANES, SCCL | MISSATGERS TRÈVOL, SCCL | NOU INDRET, SCCL | OBERTAMENT, ASSOCIACIÓ CATALANA PER A LA LLUITA CONTRA L'ESTIGMA EN SALUT MENTAL | ORTHEMIS SCCL | RAONS PÚBLIQUES, SCCL | SOM ECOLÓGÍSTICA SCCL | SPORA SINERGIES, SCCL | SURT, FUNDACIÓ DE DONES | TERCER PRIMERA, SCCL | TERRA D'ESCUELLEA PRODUCCIONS GASTRONÒMIQUES I CULTURALS, SCCL | VIRA COOPERATIVA FEMINISTA, SCCL | VOLTES COOPERATIVA D'ARQUITECTURA, SCCL



### CAN FERRIOL. LA RURAL DE COLLSEROLA

**105.000 €** TESOURARÍA

Cooperativa feminista e de vivenda en réxime de cesión de uso. O préstamo avanza o IVE correspondente ás facturas emitidas pola empresa construtora do edificio.

### FEDERACIÓ CATALANA DE VOLUNTARIAT SOCIAL

**23.000 €** INVESTIMENTO

Plataforma de referencia do voluntariado social en Catalunya. O préstamo financia a mellora da climatización e equipamento informático da nova sede.

### FLAMA ROJA, SCCL

**5.000 €** TESOURARÍA

Cooperativa que xestiona o espazo de restauración do Ateneu Popular Can Capablanca. O préstamo financia as tensións de tesouraría da entidade.

### FUNDACIÓ PRIVADA CORAVANT. CARDIOPATIES CONGÈNITES

**16.568 €** TESOURARÍA

Fundación que traballa para garantir a atención psicosocial das persoas que viven cunha cardiopatía. O préstamo reordena a estrutura financeira.

### GESTIÓ DE PUBLICACIONS LOCALS, SCCL

**20.000 €** TESOURARÍA

Cooperativa de comunicación con máis de 20 anos de experiencia. O préstamo financia as tensións de tesouraría que se producen durante os meses de verán.

### LA KONTRA VDG

**190.000 €** LOCALS

Cooperativa para xestionar unha sala no barrio de Gràcia cunha programación cultural crítica e de calidade. O préstamo financia os investimentos necesarios para a posta en funcionamento.

### LA RENEGÀ COOPERATIVA FEMINISTA

**137.000 €** TESOURARÍA

Cooperativa feminista e de vivenda en réxime de cesión de uso. O préstamo avanza o IVE correspondente ás facturas emitidas pola empresa construtora.

### LLIBRERIA FAHRENHEIT 451, SCCL

**35.000 €** INVESTIMENTO

Librería independente comprometida a dar apoio intelectual e cultural á comunidade. O préstamo financia os investimentos para a posta en marcha da librería.

### POL-LEN EDICIONS, SCCL

**15.000 €** INVESTIMENTO

Editorial independente, cooperativa e especializada na ecoedición de libros de pensamento crítico para a acción transformadora. O préstamo financia o plan editorial do último trimestre de 2023.

### NOU VERD, SCCL

**85.000 €** LOCALS

Cooperativa de inserción de persoas con discapacidade intelectual a través dun centro especial de traballo. O préstamo financia as obras de adecuación do local da entidade.

### SOCIAL PROJECT 4.0

**15.000 €** TESOURARÍA

Asociación que traballa para a acollida das persoas recentemente chegadas, fomentando o respecto e a solidariedade entre pobos. O préstamo financia as tensións de tesouraría da entidade.

### SOSTRE CÍVIC, SCCL

**86.362 €** ENERGÍA

Cooperativa de vivenda en réxime de cesión de uso. O préstamo financia a mellora da eficiencia e o aforro enerxético. Situada na rúa Princesa 49, de Barcelona.

### TARADELL SOSTENIBLE, SCCL

**52.350 €** TESOURARÍA

Cooperativa feminista e de vivenda en réxime de cesión de uso. O préstamo avanza o IVE correspondente ás facturas emitidas pola empresa construtora do edificio.

### LA TEULADA COOPERATIVA, SCCL

**73.600 €** LOCALS

Proxecto de vivenda cooperativa en réxime de uso en Terrasa. O préstamo financia a garantía necesaria para construír o dereito de superficie sobre solo público.

## EUSKAL HERRIA

**6** NOVAS SOCIAS DE SERVIZOS

**6** NOVOS PRÉSTAMOS

**114.450 €**

TOTAL NOVOS PRÉSTAMOS CONCEDIDOS

### NOVAS SOCIAS DE SERVIZOS

#### BASAJAUN ELKARTEA



Entidade que promove a soberanía alimentaria, xerando estruturas de cociñas comunitarias nos

barrios de maneira autónoma e colectiva, para ir construíndo unha confederación de cociñas comunitarias.

#### BIOLUR



Asociación de agricultura e gandaría ecolóxica que traballa para o arraigo

territorial do mundo rural coa produción de alimentos saudábeis e respectuosos coa contorna.

#### EIHERA



Cooperativa que deseña, desenvolve e posibilita procesos participativos de transformación feminista e LGTBI.

#### ETXALDE



Entidade de Iparralde do ámbito da vivenda inclusiva, onde se pon de relevo o modelo da propiedade colectiva e o uso individual desde a corresponsabilidade colectiva.

#### OINHERRI



Asociación comunitaria do ámbito da educación no tempo libre e a cultura que traballa desde a diversidade, o respecto ao medio e a capacidade de participación das criaturas.

#### ZAPALAN ELKARTEA



Entidade que quere dar resposta ás necesidades residenciais, formativas, laborais e sociais dos mozos estranxeiros non acompañados tras cumprir a maioría de idade.

### NOVOS PRÉSTAMOS

#### AIARALDEA KOOPERATIVA ELKARTEA

**32.287 €** AV. SUBVENCIÓN

Entidade que traballa nos ámbitos da comunicación e a cultura orientada a procesos para a transformación social. O préstamo avanza as facturas pendentes con Concello de Laudio.

#### AZTIKER KOOP ELK TXIKIA

**30.000 €** PÓLIZA CRÉDITO

Cooperativa que ofrece asesoramento para a participación e o desenvolvemento comunitario, servizos de mediación e resolución de conflitos. O préstamo financia as necesidades de liquidez da entidade.

#### BASAJAUN ELKARTEA

**5.000 €** PÓLIZA CRÉDITO

Entidade que promove a soberanía alimentaria xerando estruturas de cociñas comunitarias. O préstamo financia as necesidades de liquidez da entidade.

#### IRULE ZERBITZU JURIDIKO ETA PSIKOSIZIALA KOOP. ELK. TXIKIA

**10.000 €** PÓLIZA CRÉDITO

Cooperativa que ofrece servizos xurídicos e psicosociais desde unha perspectiva feminista. O préstamo financia as necesidades de liquidez da entidade.

#### KAXILDA KOOP. ELK. TXIKIA

**15.000 €** PÓLIZA CRÉDITO

Librería asociativa, restaurante, espazo de encontro, debate e discusión en Donostia. O préstamo financia as necesidades de liquidez da entidade.

#### ZAPALAN ELKARTEA

**22.163 €** AV. SUBVENCIÓN

Entidade que quere dar resposta ás necesidades de estranxeiros non acompañados após facer a maioría de idade. O préstamo avanza o importe pendente da participación no programa Trapezistak.

## GALIZA

**5** NOVAS SOCIAS DE SERVIZOS

**18** NOVOS PRÉSTAMOS

**507.021 €**

TOTAL NOVOS PRÉSTAMOS CONCEDIDOS

### NOVAS SOCIAS DE SERVIZOS

#### AILURO

S. COOP. GAL. XUVENIL



Cafetería onde a clientela poderá convivir con gatos rescatados da rúa. Un espazo implicado coa comunidade e comprometido co medio e o benestar animal.

#### ASOCIACIÓN FAGAMOS



Entidade decidida ao recoñecemento do modelo de familia monoparental. Creouse para concienciar da importancia que ten a corresponsabilidade de toda a sociedade na protección das familias en xeral e das monoparentais en particular.

#### ENRAIZANDO, S. COOP. GALEGA



Cooperativa situada en Ribeira que desenvolve proxectos de intervención social para persoas en situación de vulnerabilidade.

#### MALA HERBA PRODUCCIÓN S. COOP. GALLEGA XUVENIL



Cooperativa que leva a cabo proxectos de produción e elaboración de contidos audiovisuais mediante a creación artística de pezas de ficción como a organización de festivais de cine e outras actividades.

#### NOSO PLANS E PROXECTOS S. COOP. GALEGA

Cooperativa de Vigo, que promove proxectos das ciencias sociais, da arquitectura e do audiovisual dirixidos ao desenvolvemento social, cultural e territorial.

### NOVOS PRÉSTAMOS

#### AILURO CAT CAFÉ

S. COOP. GALEGA XUVENIL

**16.380 €** INVESTIMENTO

Cafetería que, ademais, será un espazo de acollida de gatos que funciona de intermediario para a súa adopción. O préstamo financia os investimentos necesarios para iniciar a actividade.

### ASOCIACIÓN AROUSA EN TRANSICIÓN

**23.411 €** AV. SUBVENCIÓN

**10.000 €** ENERXÍA

Entidade ecoloxista para promover a transición cara as enerxías renovábeis na Illa de Arousa. Recibiu dous préstamos para pór en marcha unha instalación fotovoltaica e un cargador para vehículos eléctricos.

### ASOCIACION ARRAIANAS

**30.149 €** AV. SUBVENCIÓN

Asociación que traballa pola xustiza social e os dereitos humanos con especial atención aos colectivos migrantes e de mulleres. O préstamo avanza o importe dunha subvención para desenvolver proxectos de intervención social.

### ASOCIACIÓN FAGAMOS

**100.000 €** AV. SUBVENCIÓN

Entidade decidida ao recoñecemento do modelo de familia monoparental e que se trate con equidade. O préstamo avanza unha subvención para desenvolver recursos e servizos de calidade para favorecer a conciliación de familias monoparentais.

### ARDORA FORMACION Y SERVICIOS S. COOP. GALEGA

**50.000 €** PÓLIZA CRÉDITO

Proxecto de consultaría e formación para a mellora das capacidades profesionais e o apoio en procesos participativos. O préstamo financia as necesidades de liquidez da entidade.

### CATRO VENTOS S. COOP. GALEGA

**10.000 €** PÓLIZA CRÉDITO

Editorial especializada nos campos da economía social e a ecoloxía. O préstamo financia as necesidades de liquidez da entidade.

### CONSUMO CONSCIENTE ARBORE S. COOP. GALEGA

**28.496 €** INVESTIMENTO

Cooperativa de consumo de produtos ecolóxicos e de proximidade. O préstamo financia diversos investimentos para a actividade da tenda da cooperativa.

### FLYING FUN S. COOP. GALEGA

**6.000 €** CAPITALIZACIÓN

Cooperativa que desenvolve proxectos educativos na aprendizaxe da lingua inglesa desde o pensamento crítico. O préstamo reforza o nivel de capitalización da cooperativa a través de dous socios.

### MALA HERBA PRODUCCIÓN S. COOP. GALEGA XUVENIL

**22.000 €** AV. SUBVENCIÓN

Cooperativa que leva a cabo proxectos de produción e elaboración de contidos audiovisuais. O préstamo anticipa o importe dunha subvención para desenvolver proxectos de creación audiovisual.

### ENRAIZADO S. COOP. GALEGA

**16.084 €** AV. SUBVENCIÓN

Cooperativa que traballa nos campos dos servizos sociais, asistenciais e sanitarios a domicilio. O préstamo avanza unha subvención para proxectos de intervención social.

### MIUDIÑO S. COOP. GALEGA

**15.000 €** PÓLIZA CRÉDITO

Entidade que combina tres paixóns: a infancia, a natureza e o patrimonio cultural. O préstamo financia as necesidades de liquidez da entidade.

### MULLERES COLLEITEIRAS S. COOP. GALEGA

**15.000 €** INVESTIMENTO

Proxecto liderado por mulleres en situación de exclusión social para xerar postos de traballo dignos a través da recollida, almacenamento e reutilización do aceite usado. O préstamo financia os investimentos necesarios para o desenvolvemento da actividade da entidade.

### NOSO S. COOP. GALEGA

**30.000 €** PÓLIZA CRÉDITO

Estratexias e proxectos culturais innovadores para o desenvolvemento local e a revitalización do territorio. O préstamo financia as necesidades de liquidez.

### O CABLE INGLÉS S. COOP. GALEGA

**9.000 €** PÓLIZA CRÉDITO

Cooperativa que lles dá unha resposta integral ás necesidades de proxectos culturais. O préstamo financia as necesidades de liquidez da entidade.

### REAS GALICIA

**99.500 €** SUBVENCIÓN

Rede da economía social e solidaria galega. O préstamo avanza o importe dunha subvención do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo para fomentar o turismo responsable.

### SUSEIA S. COOP. GALEGA

**26.000 €** PÓLIZA CRÉDITO

Cooperativa que realiza actividades de produción de programas de televisión e audiovisuais. O préstamo financia as necesidades de liquidez da entidade.

## MADRID

**5** NOVAS SOCIAS DE SERVICIOS

**5** NOVOS PRÉSTAMOS

**442.000 €**

TOTAL NOVOS PRÉSTAMOS CONCEDIDOS

### NOVAS SOCIAS DE SERVICIOS

### ASOCIACIÓN DEBATES Y SOLIDARIDAD



Asociación que promove o pensamento crítico e a elaboración de ideas para a acción solidaria e a transformación social.

### ASOCIACIÓN LANERAS

laneras Entidade situada en Hervás, Cáceres que ten como misión principal revalorizar a meiriña en Estremadura.

### ELEVENTH FLOOR



Estudio creativo de creación de contidos e produción audiovisual: documentais, estratexias de contidos para redes ou produción de pódcast.

### GRUPO ECOJERTE



Cooperativa de servizos que traballa na produción de froita, queixo e lácteos. Á vez que realiza proxectos de investigación relacionados coa agroecoloxía.

### INICIATIVAS SOCIOAMBIENTALES G. S. COOP. MAD.



Cooperativa de iniciativa social sen ánimo de lucro que traballa na busca e consultaría, apoio ao emprendemento, formación e sensibilización e divulgación do coñecemento.

### NOVOS PRÉSTAMOS

### ACTIVA S. COOP. CÁCERES

**70.000 €** PÓLIZA CRÉDITO

Cooperativa integral situada en Cáceres conformada como comunidade que dinamiza a economía local e a produción agrícola. O préstamo financia as necesidades de liquidez da cooperativa.

### AGRESTA S. COOP. MAD.

**300.000 €** PÓLIZA CRÉDITO

Cooperativa dedicada principalmente á consultaría forestal, realizando toda unha serie de proxectos relacionados co sector forestal. O préstamo financia as necesidades de liquidez da cooperativa.

### ABIERTO HASTA EL AMANECER S. COOP. MAD.

**20.000 €** PÓLIZA CRÉDITO

Cooperativa que presta servizos e desenvolve programas de emprendemento e inserción sociolaboral. O préstamo financia as necesidades de liquidez da cooperativa.

### DABNE, TECNOLOGÍAS DE LA INFORMACIÓN, S. COOP. MAD

**12.000 €** TESOURARÍA

Cooperativa tecnolóxica especializada en proxectos de software libre desde o feminismo e a economía transformadora. O préstamo financia as necesidades de liquidez da cooperativa.

### FREEPRESS S. COOP. MAD.

**40.000 €** PÓLIZA CRÉDITO

Cooperativa de comunicación polo cambio social, centrada nas persoas e o medio. O préstamo financia as necesidades de liquidez da cooperativa.

## MALLORCA

**1** NOVO PRÉSTAMO

**14.167 €**

TOTAL NOVOS PRÉSTAMOS CONCEDIDOS

### NOVOS PRÉSTAMOS

### SUSCULTURA, S. MICROCOOP

**14.167 €** AV. SUBVENCIÓN

Entidade cultural situada en Palma, do ámbito da xestión e a organización de actividades de formación e tempo libre. O préstamo avanza unha subvención FOGAIBA para o desenvolvemento rural de Mallorca.

## PAÍS VALENCIÀ

**4** NOVOS PRÉSTAMOS

**290.000 €**

TOTAL NOVOS PRÉSTAMOS CONCEDIDOS

### NOVOS PRÉSTAMOS

### ASOCIACIÓN KOLEKTIVO JOVENES PARKE

**110.000 €** AV. SUBVENCIÓN

Proxecto comunitario en defensa dos dereitos das persoas que se encontran en situación de vulnerabilidade. O préstamo avanza o convenio coa Generalitat Valenciana para desenvolver servizos sociais no sector da infancia.

### TECNINAU COOPERATIVA VALENCIANA

**50.000 €** AV. SUBVENCIÓN

Cooperativa de técnicos náuticos dedicados a impartir clases, cursos e formación nas actividades náuticas. O préstamo avanza as facturas pendentes coas Escoles da Mar da Generalitat Valenciana.

### TRANSVERSAL, COOP. V.

**30.000 €** PÓLIZA CRÉDITO

Cooperativa dedicada á formación e o acompañamento no ámbito da comunicación, a participación cidadá e o deseño de políticas públicas. O préstamo financia as necesidades de liquidez da cooperativa.

### XICOTETA ENERGIA, COOP. V.

**100.000 €** PÓLIZA CRÉDITO

Cooperativa de enxeñaría, instalación, produción e eficiencia enerxética de València. O préstamo financia as necesidades de liquidez.



## MARINALEDA

SOCIAS DE SERVIZOS  
DE COOP57MARINALEDA  
ANDALUCÍA

# Marinaleda, terra pola utopía

**O proxecto cooperativo de Marinaleda está formado por oito cooperativas: El Ciervo | Hierbabuena | Los Moledores | Los Jornaleros | Domingos Rojos | Los Compañeros | Camilo Cienfuegos | Tierra, Trabajo y Libertad. Todas elas xestiónanse como unha única cooperativa, que leva o nome da vila, Marinaleda. Das dez cooperativas que existen neste pobo andaluz de máis de 2.500 habitantes, nove son socias de Coop57**

A experiencia cooperativa de Marinaleda nace da mobilización dos xornaleiros e xornaleiras da vila, que tras anos de incansábel loita conseguiron unhas terras –até entón inutilizábeis–, co propósito de traballalas coas súas propias mans até que estas puidesen dar froitos. Sempre co obxectivo de crear postos de traballo na vila, a seguinte batalla era abrirse paso dentro dun mercado moi competitivo, desde a solidariedade e o compañeirismo.

Falamos con Dolores e Xoán. «Nesas coñecemos Coop57 en 2014, nun momento en que a cooperativa pasaba por problemas. Coop57 é un aliado, hoxe fundamental, para continuar co traballo. En 2015, Coop57 fixo unha operación de financiamento de 600.000 euros moi relevante para a cooperativa. Ese momento significou un punto de inflexión, quizais, o momento inicial da etapa actual, caracterizada pola solvencia económica e o logro de obxectivos en termos de riqueza e emprego para a vila».

Remarcan que se trata dun proxecto da vila, con gran vinculación coa política

municipal, aínda que xestionada por unha comisión cooperativa na que se integran as nove cooperativas. Ademais, o proxecto sempre se guiou polo obxectivo de crear o máximo emprego, o maior número de xornais posíbel para a vila de Marinaleda e a súa comarca. Nos últimos anos, creáronse 18.456 xornais anuais na finca *El Humoso*, e 4.464 xornais na fábrica de conservas vexetais. Deste xeito, **as cooperativas convertéronse no motor económico da localidade e unha ferramenta fundamental para mellorar a vida dos seus habitantes.**

**O proxecto cooperativo de Marinaleda é un exemplo de construción dun común. Unha experiencia que resistiu a voracidade capitalista que destrúe os bens comúns.** De feito, un dos elementos clave é a consideración da terra como un ben común, pese ao intento de privatización da terra por parte da Junta de Andalucía, actual propietaria das 1.200 hectáreas da finca *El Humoso*, nas que as cooperativas desenvolven a súa actividade.

Defenden e loitan **por unha terra pública e de xestión cooperativa**, como viñeron

pondo en práctica durante tantos anos. «A terra, pola que se loitou colectivamente, non debe ser privatizada, mercantilizada». «El Humoso non é unha mercadoría coa que se deba especular e debe ser usado de xeración en xeración para a creación de emprego e riqueza distribuída». Como aparece á entrada da finca: «Esta terra é para os xornaleiros en paro de Marinaleda», e ao seu carón «Terra e utopía».

«As cooperativas de Marinaleda queren formar parte e impulsar un cooperativismo transformador para Andalucía», coméntannos Juan e Dolores. «Para este logro é preciso que existan instrumentos financeiros á marxe da banca capitalista convencional. Sen este tipo de finanzas, será moito máis difícil avanzar cara a un modelo de economía social transformadora en Andalucía. **Temos clara a necesidade de Coop57 de xerar outra economía para Andalucía.**»

**La Marinaleda cooperativa é unha árbore e Coop57 (...) converteuse nunha parte desta árbore**

Dolores e Juan despídense cunha chamada á acción. «Diriámoslles á xente que, se están de acordo coa banca e finanzas convencionais, que sigan sendo os seus clientes sen pensar noutra opción. Pero se non o están, que **busquen alternativas máis xustas, solidarias e sustentábeis. Coop57 é unha delas.**» Para rematar, coméntannos que: «La Marinaleda cooperativa é unha árbore e Coop57, desde o traballo, axuda e solidariedade, converteuse nunha parte desta árbore».

## LA SELVA COOP

SOCIA DE SERVICIOS  
DE COOP57POBLE NOU  
BARCELONÈS

# Cooperativismo na xungla audiovisual

**La Selva é unha cooperativa formada por cineastas de orixes e xéneros diversos, que desenvolven películas e programas de formación co obxectivo de pór no centro miradas historicamente silenciadas e así xerar visións do mundo máis diversas, con perspectivas feministas, antirracistas, decoloniais e libertarias**

Desde o seu nacemento apostan, por procesos baseados na experimentación e a creación colaborativa e horizontal, «pola creación cinematográfica autoral con narrativas auténticas e arriscadas, fundamentais na representación dun mundo plural e máis xusto».

**COOP57 foi, é e será unha parte importantísima do ecosistema que nos fai posíbeis**

Integrada por Jana, Marc e Lu, preguntámoslles como e por que se asociaron a Coop57 e respóndennos que «para nós, ser cooperativa implica tamén formar parte dun circuíto de cooperativas, compartir liñas de traballo afíns e, sobre todo, sentirse parte dun ecosistema de apoio que fai posíbel que os proxectos laborais e profesionais se enmarquen en lóxicas que desmontan os métodos hexemónicos capitalistas verticais e desiguais». Engaden que «como cooperativa de pequena dimensión, para levar a cabo outras formas de facelo non hexemónicas, necesítase deste ecosistema» e que elixiron formar parte de Coop57 porque «para levar adiante o proxecto de La Selva Cooperativa, éranos necesario contar co apoio dunha entidade de financiamento cooperativa que aplicara lóxicas baseadas no cooperativismo, ética social e a vontade transformadora».

Actualmente implementan tres proxectos simultáneos, **Viure el Barri**, que é un obradoiro de experimentación cinemato-

gráfica para a mocidade que fai vida no Raval, consistente nun encontro intensivo de sete días, onde un grupo de xente nova, sen ningunha experiencia previa e co acompañamento de cineastas profesionais audiovisuais, achéganse ao cine co obxectivo de promover a implicación no barrio a través da reflexión crítica e a práctica cinematográfica. **L'Accedora**, de forma similar, é «unha experiencia vital e creativa deseñada para cineastas emerxentes que buscan un desafío autoral e aos que se lles ofrece un encontro intensivo de once días guiados por cineastas cunha ampla traxectoria, nunha metodoloxía de traballo iniciada polo cineasta iraní Abbas Kiarostami que foi enriquecida por Lucrecia Martel e Werner Herzog para potenciar a creatividade, a experimentación e o traballo colaborativo». E, por último, **Horagai** é un espazo de creación cinematográfica dirixido á mocidade en situación de desvantaxe social onde, a través da aprendizaxe da técnica e a creación audiovisual, exploran as súas realidades para deixar de ser narrados por outros e devolverlles as súas propias voces, «sendo eles mesmos os creadores desde a súa propia visión do mundo, rompendo os estereotipos».

Interpelados sobre o que significou Coop57 para o proxecto responden directamente que «Coop57 é a entidade que confiou no noso proxecto e fixo que financeiramente fosemos posíbel; darnos confianza quere dicir acompañarnos e apoiarnos sempre; pero tamén foi o espazo onde avaliarnos para ir estruturando o camiño de La Selva Coop; e entón hai que dicir que foi, é e será unha parte importantísima do ecosistema que nos fai posíbeis».



**Á memoria de Ovidi Montllor: aínda vai como vai, até que vaia como queiramos**

**A Selva Coop e a Fundación Coop57 desbordan a sala Paral·lel 62 nunha noite de música, solidariedade e cooperativismo**

O cartel que anunciaba «entradas esgotadas» estaba colgado desde novembro. E o 16 de xaneiro, xa función única, os **Ovidi4** reencontráronse co guitarrista **Toti Soler** para presentar o espectáculo «**Ovidi62 - No me'n vaig, sóc qui torna**». Era unha forma de apoio á campaña de micromecenado que acolle a Fundación Coop57 para apoiar o proxecto audiovisual «**On eres quan hi eres**». A iniciativa está dirixida pola filla pequena do cantautor, **Jana Montllor**, cineasta e socia da **Selva Coop**.

A noite, que visitou e revisitou o repertorio e a vida de Ovidio, abriuse coas intervencións de Isabel Moga e Xavier Artal, en nome da Fundación e enseguida tomou a palabra Jana, que lembrou que «**estirando do fío da memoria do pai contra os planificadores do esquecemento, deime conta de que as batallas, primeiro, gáñanse na mesa, mastigando as ideas e compartindo as encabuxadas cos amigos: é o que estamos a facer**». Poucas semanas despois, o 10 de marzo, coincidindo coa conmemoración da morte do cantautor, o mesmo concerto realizouse no Teatro Calderón de Alcoy, municipio natal de Ovidi e cunha forte vinculación á historia do movemento obreiro.


Ambas as actuacións solidarias supuxeron uns ingresos netos de 10.350 euros para o proxecto de documental. E, ademais, todos os doantes recibirán na véspera de San Juan a gravación en audio do concerto celebrado en Barcelona. Ao peche deste boletín, a iniciativa alcanzara xa o 85% dos obxectivos, con máis de 428 achegas recibidas por valor de 34.611 euros. **O obxectivo é 40.242 euros**, cifra que coincide coa data de nacemento do cantautor.

[ovidinovamemoria.coop57.coop](http://ovidinovamemoria.coop57.coop)




Datos a 31 de decembro de 2023

## Saldo das achegas



## Préstamos concedidos





FUNDACIÓN  
FUNDACIÓ  
FUNDAZIOA  
FUNDACIÓN  
coop57

# Consolidando o traballo realizado

**Remata un 2023 importante para a Fundación. Un ano no que crecemos canto a proxectos e traballo feito e que serviu para pór a punto e consolidar a engrenaxe da Fundación cara a un 2024 que debe permitirmos seguir crecendo e aumentando a nosa forza colectiva**

Un dos primeiros cambios que vivimos é canto a coordinación. Licán Luque incorporouse este outubro para xestionar o día a día e coller o lugar que, após máis de tres anos e medio de traballo, deixa Maritza Buitrago. Porén, Maritza non marcha moi lonxe, xa que pasa a formar parte da área política de Coop57. Desde aquí queremos darlle as grazas polo seu labor durante este tempo.

Canto ao contido, vimos traballando para fortalecer a Fundación con novas alianzas, dotala de recursos e empoderala para reforzar o noso labor, xa sexa difundindo, buscando novos proxectos ou ampliando a base de

servirán para sacar adiante proxectos nos que o compromiso, o apoio mutuo e o tecer novas complicidades para a transformación social e económica son os protagonistas.

Un dos proxectos que impulsamos e que se prolongará até o 31 de maio é Amillubi Lurra Taupaka, un proxecto de soberanía alimentar impulsado pola asociación Biolur co apoio de Koop57 Euskal Herria. Trátase dunha ambiciosa campaña de micromecenado para conseguir 150.000 euros e contribuír a adquirir terras agrícolas e un casarío rural en Gipuzkoa. Biolur é unha asociación guipuzcoana, sen ánimo de lucro creada en 1993, para

organización que promove o desenvolvemento persoal e comunitario a través da participación e a creación nas artes escénicas arraigadas no territorio. Así, desde Hospitalet de Llobregat traballan as desigualdades a partir das artes escénicas transformadoras. Todo isto, adecuando un local industrial de 260 m<sup>2</sup> onde se poida ensaiar, cocrear e empoderar a mocidade. Este 2023 logramos máis de 13.000 euros en doazóns para facelo realidade.

## **Acompañando a Yayo Herrero polo territorio**

No marco do proxecto Lliures, que impulsamos conxuntamente desde o ano 2016 con Òmnium Cultural e ECAS (Entidades Catalanas de Acción Social), a Fundación publicou o pasado setembro, nunha coedición en catalán coa cooperativa valenciana Sembra Llibres, o libro *Absències i pèrdues* da



amillubi.coop57.coop



donantes. Relacionado con isto, e co obxectivo de visibilizarnos e explicar que facemos, puxemos en marcha perfiles nas redes sociais, empezando por instagram, desde onde explicamos o labor da Fundación, os valores e obxectivos sobre os que pivota mentres, ao mesmo tempo, facemos difusión de proxectos, actos e contidos de interese para fortalecer a ESS.

Tamén este decembro puxemos en marcha a campaña de captación de doazóns. Este ano contamos coa colaboración do ilustrador Joan Manel Pérez con quen deseñamos postais que chegaron a todos os nosos donantes. Con esta campaña recolléronse máis de 12.000 euros en doazóns procedentes de 84 doadores que

o fomento da agricultura e a ganaría ecolóxica, formada por cidadáns e produtores. O obxectivo principal do proxecto é converter Amillubi nun ben colectivo para asegurar o acceso da poboación a alimentos autóctonos e saudábeis, para garantir que os agricultores poidan cultivar as terras de forma digna e para protexer a terra ante a especulación, fortalecendo o sector primario e o noso sistema alimentar. Ao peche deste boletín, o proxecto alcanzara xa case o 70%, con 104.245 euros recollidos a través de 565 doazóns e unha implicación relevante do cooperativismo vasco.

Igualmente, traballamos con Plàudite Teatre para facer realidade o proxecto Ponemos el Foco. Plàudite Teatre é unha

ecofeminista Yayo Herrero. Con prólogo de Marina Garcés e David Fernández, é unha recompilación de textos intensos sobre todo aquilo que aínda nos queda entre os naufraxios dunha sociedade en crise. Yayo Herrero é antropóloga, educadora social e un referente en ecoloxía social e feminismos. O pasado xaneiro acompañámola nos actos realizados, co aforo repleto, na Biblioteca Carles Morató de Solsona, na sede de Plàudite Teatre de L'Hospitalet ou na librería Finestres de Barcelona. Os beneficios da coedición, fiéis ao contido do libro, irán destinados solidariamente ao Proxecto Lliures.

Segue a fundación en Instagram: **@fundaciocoop57**



***"Nada ficou inmune á derrota: ningún edificio en pé, ningún nome no aire, só aquel reclamo de cambio entre os cascallos e todo o barro do mundo para reinventarnos. Hai revolucións que son monosilábicas."***

[ Mireia Calafell, SÍ ]



<https://coop57.coop>